



2.- EMPREGO



capítulo dedicado ó estudio do emprego ten catro grandes apartados. O primeiro deles fai referencia á situación demográfica, como elemento introductorio da situación do mercado de traballo. Os datos correspondentes á poboación obtivéronse do “Padrón municipal de habitantes” con referencia a 1 de maio de 1996 e a súa revisión a 1 de xaneiro de 1998. Asemade tamén foron utilizadas outras dúas fontes publicada polo Instituto Galego de Estatística, como son o “Movemento natural da poboación, defuncións e nacementos” dos anos 1996 e 1997 así como a “Base estatística para a obtención de indicadores socioeconómicos das comarcas galegas” publicada no ano 1999.

De seguido, considéranse os datos propios do mercado de traballo recollidos no “Padrón municipal de habitantes” con

referencia a 1 de maio de 1996, e que contén datos explicativos do mercado de traballo como poboación activa, poboación inactiva, poboación ocupada e parada, taxas de ocupación, de paro ou actividade, por exemplo.


Posteriormente, realízase un estudio da poboación parada rexistrada a partir dos datos recollidos das Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia e, finalmente, hai un apartado dedicado ás medidas activas de emprego, que está baseado nos datos facilitados pola Dirección Xeral de Formación e Colocación.

Demografía

Segundo a renovación do Padrón municipal de habitantes a 1 de xaneiro de 1998, a área funcional de Lugo estaba habitada por 229.045 persoas, o 62,3% do total da poboación da provincia e o 8,4% do total

Gráfico 2.1.

Pirámide de poboación da Área Funcional de Lugo



Fonte: IGE. Renovación do Padrón Municipal de Habitantes a 1 de maio de 1996

de Galicia. Ó comparar estes ratios cos que se obterían da relación entre a superficie da área funcional, a provincia e Galicia, obsérvase que esta é unha zona pouco poboada con respecto a Galicia, debido a que as devanditas proporcións toman valores do 65,3% (similar ó correspondente á poboación) e do 21,8% (superior ó 8,4% anterior). Terase unha mellor medida deste escaso poboamento se se observa a variable densidade de poboación, que mide o número medio de habitantes por quilómetro cadrado.

No gráfico 2.1. pódese observar a pirámide de poboación correspondente á área funcional de Lugo, por grupos quinquenais para o ano 1996. Apréciase a estrutura envellecida da poboación, cunha base cada vez máis reducida, e que o grupo maioritario de mulleres está entre os 60 a 64 anos, con 8.670 mulleres, seguido do de 65 a 69 anos, con 8.606, o que dá unha idea de cal pode ser a evolución da poboación da área. Tamén se

observan dous entrantes, correspondentes ás idades de 45 a 59 anos, debido sobre todo á forte emigración que sufriu a zona, que afectou especialmente a esas cohortes.

Do **cadro 2.1.** pódese extraer unha análise da evolución da poboación nos distintos ámbitos xeográficos no período que vai desde o 1 de maio de 1996 ó 1 de xaneiro de 1998. En todos, agás na comarca de Lugo, diminúe a poboación no período considerado. O descenso na área funcional é de 1.427 persoas, na provincia de 2.552 persoas, e no total de Galicia, de 18.078 persoas. Como consecuencia, tamén decrece a densidade de poboación en todos eles, agás en Lugo.

Asemade cómpre salientar a diferenza que existe entre as distintas comarcas en canto á densidade de poboación de cada unha delas. Por unha banda está a comarca de Lugo, con 81,5 habitantes por km², e por



Poboación 1996-98: principais datos

Cadro 2.1.

	Padrón 1996		Renovación Padrón 1998	Variación Poboación 1996-98	Taxa incremento poboación 1996-98	Densidade Poboación 1996	Densidade Poboación 1998 (1)
	Total	Homes					
Área Funcional Lugo	230.472	112.783	117.689	-1.427	-0,62	35,8	35,6
Os Ancares	15.369	8.050	7.319	-390	-2,54	14,7	14,3
A Fonsagrada	8.313	4.355	3.958	-332	-3,99	12,2	11,7
Lugo	109.897	52.539	57.358	1.158	1,05	80,6	81,5
Meira	7.181	3.531	3.650	-138	-1,92	23,0	22,4
Sarria	27.297	13.655	13.642	-473	-1,73	32,6	32,4
Terra Chá	50.425	24.773	25.652	-789	-1,56	27,7	27,8
A Ulloa	11.990	5.880	6.110	-463	-3,86	28,7	27,6
Provincia Lugo	370.303	180.550	189.753	-2.552	-0,69	37,6	37,3
Galicia	2.742.622	1.320.347	1.422.275	-18.078	-0,66	92,7	92,1
Área Funcional / Provincia	62,2	62,5	62,0				
Área Funcional / Galicia	8,4	8,5	8,3				

Fonte: /GE

(1) as densidades de poboación de 1998 están calculadas segundo Poboación 1998 / Superficie (a partir do Padrón 1996)

Cadro 2.2. **Movemento natural da poboación 1998-99**

	1998			1999			1999-98		
	Nacementos	Defuncións	Saldo vegetativo	Nacementos	Defuncións	Saldo vegetativo	Nacementos	Defuncións	Saldo vegetativo
Área Funcional Lugo	1.357	2.893	-1.536	1.266	3.063	-1.797	-6,7	5,9	17,0
Os Ancares	50	246	-196	41	269	-228	-18,0	9,3	16,3
A Fonsagrada	30	114	-84	16	118	-102	-46,7	3,5	21,4
Lugo	803	1.181	-378	763	1.293	-530	-5,0	9,5	40,2
Meira	31	93	-62	25	123	-98	-19,4	32,3	58,1
Sarria	133	372	-239	134	363	-229	0,8	-2,4	-4,2
Terra Chá	246	720	-474	230	710	-480	-6,5	-1,4	1,3
A Ulloa	64	167	-103	57	187	-130	-10,9	12,0	26,2
Provincia Lugo	2.062	4.920	-2.858	1.951	5.060	-3.109	-5,4	2,8	8,8
Galicia	18.538	28.085	-9.547	18.684	28.974	-10.290	0,8	3,2	7,8

Fonte: IGE, Movemento Natural da Poboación: Nacementos e Movemento Natural da Poboación: Defuncións



outra parte están tódalas outras comarcas, nas que a máis densamente poboada é a de Sarria, con 32,4 habitantes por km². Ningunha delas alcanza o nivel de poboamento de Galicia, que é de 92,1 habitante/km². Seguindo coa distribución territorial da poboación, o 48,5% da poboación da área funcional pertencía á comarca de Lugo, e o 21,7% á Terra Chá, a 1 de xaneiro de 1998.

En canto á variación que se produce no total da poboación debido a factores naturais, é dicir, o saldo vexetativo, diferenza entre os nacementos e as defuncións, temos os datos do movemento natural da poboación para os anos 1998 e 1999 no **cadro 2.2.**, onde a nota común é un maior número de defuncións que nacementos, co que estas cifras, todas elas negativas, contribúen ó descenso da poboación das distintas comarcas.

Igualmente pode comprobarse que no ano 1999 rexistráronse na área funcional de Lugo 1.266 nacementos, un 6,7% menos con respecto ó ano anterior, e 3.063 defuncións, o que supón un crecemento do 5,9% con respecto a 1998. O saldo vexetativo correspondente cifrouse no ano 1999 en -1.797 persoas, cando en 1998 esta cifra era de -1.536 persoas.

Comparado cos datos correspondentes ó total provincial e autonómico, a área funcional considerada presenta a mesma característica de saldo vexetativo negativo. Sen embargo, se nos centramos na evolución seguida nos dous anos reflectidos, a área funcional de Lugo presenta un maior número de defuncións que Lugo e Galicia, e no que ós nacementos se refire, o descenso

experimentado é superior ó da provincia de Lugo (-5,4%), en tanto que Galicia presenta un crecemento no seu número de nacementos (0,8%).

Tódalas comarcas amosan un saldo vexetativo negativo, isto é, prodúcense máis defuncións que nacementos, consecuencia da estrutura por idades da poboación da área funcional, moi envellecida como reflectía a pirámide de poboación. Pódese salienta-la evolución da comarca de Sarria, onde se produce un crecemento no seu número de nacementos e un descenso do número de defuncións, polo que o seu saldo vexetativo negativo redúcese dun ano para o outro. Asemade, a comarca de Terra Chá, presenta un descenso no seu número de defuncións no ano 1999.

Respecto á evolución das outras comarcas, hai que salienta-lo descenso relativo do número de nacementos nas comarcas de A Fonsagrada e Meira, un 46,7% e 19,4% respecto ó ano anterior, respectivamente, e o aumento das defuncións no caso da comarca de Meira (32,3% respecto a 1998).

Atendendo ó **cadro 2.3.**, segundo datos do Padrón Municipal de Habitantes de 1996, contabilízanse na área funcional de Lugo 879 núcleos de poboación, entendendo por tal os conxuntos de polo menos dez edificacións formando rúas, prazas e outras vías urbanas, e 6.270 entidades de poboación, sendo estas calquera parte habitable do termo municipal diferenciada dentro do mesmo. Comparando estas cifras coas recollidas polo Censo de 1991, conséntase un aumento do número de núcleos de poboación, que en 1991 eran 806, e aumentou o

Cadro 2.3. Núcleos e entidades singulares de poboación 1991-96

	1991		1996		1996-91	
	Núcleos de poboación	Entidades singulares	Núcleos de poboación	Entidades singulares	Núcleos de poboación (%)	Entidades singulares
Área Funcional Lugo	806	5.954	781	6.096	-3,1	2,4
Os Ancares	124	555	115	561	-7,3	1,1
A Fonsagrada	44	424	44	427	0,0	0,7
Lugo	195	1.283	205	1.321	5,1	3,0
Meira	43	251	36	252	-16,3	0,4
Sarria	121	891	128	916	5,8	2,8
Terra Chá	196	2.053	172	2.101	-12,2	2,3
A Ulloa	83	497	81	518	-2,4	4,2
Provincia Lugo	1.376	9.161	1.325	9.741	-3,7	6,3
Galicia	9.955	29.179	10.166	29.947	2,1	2,6


Fonte: INE , Nomenclátor 1996

Cadro 2.4. Poboación residente en núcleos de máis de 1.000 habitantes

	1991	1996	96-91	
			Variación absoluta	Variación relativa (%)
Área funcional de Lugo	92.594	95.905	3.311	3,6
Os Ancares	1.418	1.479	61	4,3
A Fonsagrada	1.163	1.127	-36	-3,1
Lugo	75.892	77.927	2.035	2,7
Meira	-	-	-	-
Sarria	6.159	6.978	819	13,3
Terra Chá	6.245	6.491	246	3,9
A Ulloa	1.717	1.903	186	10,8
Provincia de Lugo	146.294	149.239	2.945	2,0
Galicia	1.248.510	1.318.601	70.091	5,6

Fonte: IGE

Gráfico 2.2.



Fonte: IGE



número de entidades singulares de poboación, que en 1991 eran 5.954. Algo similar acontece nas diferentes comarcas, agás en Os Ancares e en A Fonsagrada onde o número de núcleos de poboación permaneceu constante no período considerado.

Seguindo coa análise poboacional resulta de interese estudar a dispersión ou concentración da poboación pola súa repercusión en termos socioeconómicos. Ó non existir na literatura un indicador claro deste fenómeno optouse por recoller a poboación que vive en núcleos de máis de 1.000 habitantes ou, o que é o mesmo, a poboación que vive concentrada en agrupacións que se poden considerar como significativas.

O **cadro 2.4.** reflicte os datos absolutos para os anos 1996 e 1991 e o que resulta necesario é a súa comparación coa poboación total das respectivas comarcas. Así centrándose especificamente no ano 1996, os datos entre comarcas son moi diferentes entre si, se ben a área funcional e a provincia amosan porcentaxes moi semellantes (41,6% para a primeira e 40,3% para a segunda, respectivamente).

Dada a grande diverxencia comarcal convén afondar un pouco máis nela, se ben as porcentaxes veñen a confirma-las intuicións que sobre este ratio se poden ter. Así, e con notables diferencias sobre o resto, destaca a comarca de Lugo, cun ratio de poboación en núcleos con máis de 1.000 habitantes sobre a poboación total do 70,9%. Esta cifra ven amosar o que se pode considerar como un elevado grao de urbanización ou concentración da poboación xa que case tres de cada catro persoas

nesta comarca vive nun núcleo considerado como significativo. Neste caso obviamente a cidade de Lugo con 85.174 habitantes dos 109.897 da comarca ten unha influencia clara e manifesta.

No extremo oposto e como suxiren os datos a primeira vista, atópase a comarca de Meira posto que non ten poboación residindo en núcleos de máis de 1.000 habitantes. Deste xeito a dispersión demográfica nesta comarca é moi elevada e este feito configúrase como unha característica poboacional significativa para o conxunto desta área. O resto das comarcas oscilan en porcentaxes entre o 9,6% de Os Ancares e o 25,5% de Sarria o que semella tamén niveis baixos de concentración de poboación, posto que só Sarria supera o 20% xa que a que lle segue é A Ulloa cun 15,9%. Igualmente A Fonsagrada e a Terra Chá, cun 13,5 e 12,9%, respectivamente, amosan cifras baixas ó recoller que practicamente só unha de cada dez persoas reside en núcleos de máis de 1.000 persoas.

En canto ós datos de 1991, estes reflicten valores relativos moi semellantes ós do ano 1996, polo que non cómpre sequera unha análise máis fonda. Pola contra, si é relevante observa-la variación relativa desta medida e así son Sarria e A Ulloa as comarcas que máis creceron en porcentaxe fronte o caso de A Fonsagrada que amosa unha variación negativa.

Como complemento destes datos, o **gráfico 2.2.** ven amosar dun xeito sinxelo a concentración da poboación podendo observar con claridade as características e rasgos anteriormente comentados.

Padrón municipal

Segundo datos do Padrón Municipal de Habitantes de 1996, a **poboación maior de 16 anos** na área funcional de Lugo ascendeu a 198.224 persoas, o 62% da poboación maior de 16 anos da provincia de Lugo e o 8,6% da galega.

Das 198.224 persoas de máis de 16 anos, 87.391 persoas compuñan a **poboación activa** (54.755 homes e 32.636 mulleres), 110.221 persas eran considerados como inactivos e 612 estaban facendo o servizo militar.

A **poboación ocupada** na área funcional de Lugo en 1996 ascendeu a 72.191 persoas, o 7,9% do total da poboación ocupada en Galicia, e o 50% do total da poboación ocupada da provincia de Lugo. Destes 72.191 ocupados, 45.920 eran homes, mentres que o colectivo de mulleres ocupadas na área funcional chegaba ás 26.271 persoas.

Atendendo á distribución por sectores económicos desta poboación ocupada, destacan o sector servizos, que acolle ó 46,2% dos ocupados, e a agricultura, que engloba ó 33,1%.

A poboación ocupada da área funcional considerada está orientada ó sector primario en comparación co que acontece para o conxunto de Galicia. En 1996, o 33,1% da poboación ocupada pertencía ó sector primario fronte ó 16,6% no caso de Galicia. Pola contra, o resto dos sectores teñen un menor peso relativo no mercado de traballo da área funcional: o sector industrial e a construción acollen o 12% e o 8,6% da

poboación ocupada na área funcional de Lugo fronte ós 20,1% e 11,3%, respectivamente, da poboación ocupada galega.

Comparada coa situación da provincia de Lugo, a área funcional analizada presenta unha maior incidencia no caso do sector primario (31,9% dos ocupados de Lugo está neste sector) e o sector servizos (46,1% dos ocupados na área funcional e 44,8% en Lugo), en tanto que os sectores industrial e construción acollen o 12% e 8,6% fronte ós 14,1% e 9,2%, respectivamente, no caso da provincia de Lugo.

Desagregando a análise sectorial por comarcas, na maioría das comarcas o sector agrícola engloba máis da metade da poboación ocupada, como é o caso de Os Ancares, co 52,8% da poboación ocupada, A Fonsagrada, co 54,1%, Meira, co 54,0%, ou A Ulloa, co 51,8%. No outro extremo está a comarca de Lugo, na que o sector da agricultura acada o 15,8% da poboación ocupada, mentres que é o sector servizos o predominante, co 63,6% da poboación ocupada.

Nunha análise pormenorizada da poboación ocupada con respecto á situación profesional, conséntase que o colectivo máis importante corresponde ós traballadores por conta propia que non empregan persoal, que acolle o 36,5% da poboación ocupada da área funcional de Lugo. Síguenlle en importancia os asalariados fixos e eventuais co 36,2% e 17,6%, respectivamente.

Comparado coa distribución no caso de Galicia, pódese salienta-las elevadas porcentaxes dos traballadores por conta propia sen empregados, que en Galicia só representa o



20,8% da poboación ocupada (15,7 puntos inferior ó rexistrado na área funcional) e o menor peso dos asalariados (tanto fixos como eventuais) que en Galicia tiñan un peso relativo do 45,7% e o 25,4%, respectivamente.

Prescindindo da distribución existente na comarca de Lugo (máis próxima á galega) estas diferencias agudízanse. Así, a importancia relativa dos traballadores por conta propia sen empregados no total da poboación ocupada na comarca de A Ulloa é do 59,9%, ou do 55,5%, 56,6% e 53,3% nas comarcas de Os Ancares, A Fonsagrada e Meira, respectivamente. No caso dos asalariados, tanto fixos como eventuais, tan só na comarca de Terra Chá supera o 40%, cando na comarca de Lugo é do 70,2% e en Galicia do 71,1%. En Meira, esta porcentaxe ascende ó 32,4%, e nas comarcas de A Ulloa e Os Ancares, é do 33,7% e 33,8%, respectivamente.

Finalmente, na área funcional de Lugo as axudas familiares ascenden ó 4,7% da poboación ocupada fronte ó 1,7% de Galicia ou o 4% da provincia de Lugo. Por comarcas, as porcentaxes máis elevadas rexístranse en Meira (9,6%), Sarria (8,2%) e Os Ancares (7,4%) en tanto que as máis baixas danse en Lugo (2,5%) e A Ulloa con 2,7%.

No caso da **poboación parada**, en 1996 ascendeu a 15.200 persoas, das que 6.365 (o 41,9%) eran mulleres. Desagregando por sectores de actividade económica, o sector servicios estaba formado por 5.076 persoas, o 33,4% do total, e a construción englobaba a 2.051 persoas, o 13,5% do total.

Cómpre salienta-lo colectivo de “sen emprego anterior”, que estaba formado por 5.699 persoas (o 50,1% delas eran mulleres).

Comparada coa distribución porcentual da poboación parada galega nos distintos sectores económicos, pódese salienta-que a área funcional de Lugo presenta un maior peso relativo no que ós parados na agricultura e no colectivo de parados sen emprego anterior se refire. En Galicia este peso relativo ascende ó 1,7% e 33,6%, respectivamente, fronte ós 3,4% e 37,5% no caso da área funcional. Pola contra, hai que salienta-la menor importancia relativa no caso da industria e, loxicamente, da pesca. A poboación parada na industria representa o 16% do parados galego fronte ó 12% dos parados na área de Lugo.

Por comarcas, na de Lugo destaca o sector servicios, co 41,1% do total, mentres nas de Meira e A Ulloa o colectivo maioritario dentro da poboación parada en 1996 era o de “sen emprego anterior”, que englobaba ó 51,8% e ó 61,1%, respectivamente.

Se comparamos nos distintos ámbitos xeográficos as taxas de actividade e as taxas de ocupación referentes ó ano 1996 que temos no **cadro 2.4.**, en todos son superiores as taxas masculinas ás femininas. No total da área funcional de Lugo, a **taxa de actividade**, 44,1%, é superior á da provincia, 43,1%, e inferior á do total de Galicia, 45,4%. No caso das mulleres, a taxa de actividade acada un 32,1% na área funcional de Lugo e no caso dos homes, un 56,8%.

A comarca que presenta unha maior taxa de actividade é a de Lugo, cunha taxa

Cadro 2.5.

Actividade, ocupación e paro na Área de Lugo 1996

Área funcional de Lugo	Poboación ocupada		Poboación parada		Poboación activa		Total
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	
Os Ancares	45.920	26.271	8.835	6.365	54.755	32.636	87.391
A Fonsagrada	3.289	1.197	512	196	3.801	1.393	5.194
Lugo	1.737	745	307	162	2.044	907	2.951
Meira	21.517	12.904	4.312	3.880	25.829	16.784	42.613
Sarria	1.520	950	240	169	1.760	1.119	2.879
Terra Chá	5.616	2.896	1.027	634	6.643	3.530	10.173
A Ulloa	9.896	6.308	2.001	1.038	11.897	7.346	19.243
	2.345	1.271	436	286	2.781	1.557	4.338
Provincia de Lugo	72.965	40.971	13.559	10.191	86.524	51.162	137.686
Galicia	542.713	282.484	122.750	100.624	665.463	383.108	1.048.571

Fonte: IGE, Padrón municipal de habitantes e Estatística de poboación 1996



Cadro 2.6.

Taxas de actividade, ocupación e paro na Área de Lugo 1996

	Taxa de actividade			Taxa de ocupación			Taxa de paro		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Área funcional de Lugo	56,8	32,1	44,1	47,6	25,8	36,4	16,1	19,5	17,4
Os Ancares	53,1	21,5	38,1	45,9	18,5	32,9	13,5	14,1	13,6
A Fonsagrada	52,3	25,8	39,7	44,4	21,2	33,4	15,0	17,9	15,9
Lugo	58,9	34,3	45,9	49,1	26,3	37,1	16,7	23,1	19,2
Meira	56,6	34,9	45,6	48,8	29,6	39,1	13,6	15,1	14,2
Sarria	56,0	29,6	42,8	47,3	24,3	35,8	15,5	18,0	16,3
Terra Chá	55,5	32,8	43,9	46,2	28,2	37,0	16,8	14,1	15,8
A Ulloa	54,6	29,2	41,6	46,1	23,9	34,7	15,7	18,4	16,6
Provincia de Lugo	56,0	31,1	43,1	47,2	24,9	35,7	15,7	19,9	17,3
Galicia	60,5	31,6	45,4	49,4	23,3	35,7	18,5	26,3	21,3

Fonte: IGE, Padrón municipal de habitantes e Estatística de poboación 1996

de 45,9%, e a que ten unha menor taxa de actividade é a de Os Ancares, con 38,1%. Tan só o municipio de Rábade presenta unhas taxas de actividade (tanto para os homes como para as mulleres) superiores ás existentes para a economía galega e para a provincia de Lugo, en tanto que no caso dos concellos de Outeiro de Rei, Meira e Guitiriz acontece o mesmo para o caso da taxa de actividade masculina. No concello de A Pastoriza, a taxa de actividade feminina é superior á rexistrada no conxunto de Galicia.

En canto á **taxa de ocupación**, a correspondente á área funcional de Lugo, 36,4%, é superior á correspondente ó total da provincia, con valor 35,7%, e á de Galicia, 35,7%. A maior taxa de ocupación aparece na comarca de Lugo, con 39,1%, e a menor en Os Ancares, con 32,9%.

Se considerámo-los diferentes concellos da área funcional, hai 8 municipios

–Castroverde, Rábade, Meira, Pol, O Páramo, Castro de Rei, Cospeito e A Pastoriza– que presentan unha taxa de ocupación superior á rexistrada para a economía galega. Dos oito, os concellos de Castroverde, Rábade e A Pastoriza contan con taxas de ocupación para os homes e mulleres superiores ás galegas.

A **taxa de paro** da área funcional de Lugo, 17,4%, aparece nunha posición intermedia entre a correspondente á da provincia de Lugo, 17,3%, e á do total de Galicia, 21,3%. A comarca con maior taxa de paro é a de Lugo, 19,2%, e a de menor taxa de paro é a de Os Ancares, cun 13,6%. En canto á distinción por sexos, en tódalas comarcas agás na da Terra Chá, son superiores as taxas de paro feminina cas masculina.

Atendendo ós datos municipais recollidos nos anexos, hai que salientar que o concello de Cervantes na comarca de Os

Cadro 2.7.

Paro rexistrado 1998-99 (1) (*)

	1998	1999	99/98	
			(número)	(%)
Area Funcional	10.361	9.549	-812	-7,8
Os Ancares	544	512	-32	-5,9
A Fonsagrada	256	237	-19	-7,4
Lugo	5.868	5.455	-413	-7,0
Meira	191	175	-16	-8,4
Sarria	1.056	942	-114	-10,8
Terra Chá	2.108	1.887	-221	-10,5
A Ulloa	338	341	3	0,9
Provincia de Lugo	15.908	15.143	-765	-4,8
Galicia	152.781	142.382	-10.399	-6,8
Area Funcional / Galicia	6,8	6,7		
Area Funcional / Provincia	65,1	63,1		

(1) datos do mes de decembro de cada ano
 (*) outras referencias no anexo 1
 Fonte: IGE

Ancares ten unha taxa de desemprego inferior ó 8% (o 7,4%), sendo a súa taxa de desemprego para os homes do 6,3%. Na área funcional de Lugo hai 5 municipios cunha taxa de desemprego feminina inferior ó 10% (Navia de Suarna, Samos, Abadín, Cospeito e A Pastoriza) e dous máis, o xa mencionado Cervantes e Castroverde onde a súa taxa de para masculina non supera o 10%.

Paro rexistrado

Segundo o **cadro 2.7.**, no que aparecen reflectidos os datos do paro rexistrado nas oficinas de emprego da Xunta de Galicia para os anos 1998 e 1999, o paro rexistrado na área funcional de Lugo a 31 de decembro de 1999 ascendeu a 9.549 desempregados, 812 menos que no ano anterior, o que significa unha diminución do 7,8%, porcentaxe superior á da provincia de Lugo, que foi do 4,8%, e á correspondente a Galicia no mesmo período, que foi do 6,8%. Este des-

censo tamén se aprecia en cada unha das comarcas, agás en A Ulloa, onde no período considerado aumentou o número de parados rexistrados un 0,9%. O maior descenso en termos absolutos produciuse na comarca de Lugo, cun descenso de 413 persoas, e en termos relativos na comarca de Sarria, cun descenso do 10,8%.

Ó compara-lo paro rexistrado na área funcional co total do paro rexistrado da provincia e co da Comunidade Autónoma, observamos que en ámbolos dous casos diminuíu no período de tempo considerado, pasando do 65,1% ó 63,1% no caso da provincia de Lugo, e do 6,8% ó 6,7% no caso de Galicia.

No **cadro 2.8.** recóllense os datos do paro rexistrado no ano 1999 desagregados por sectores productivos. Deles dedúcese que a maior parte do desemprego rexistrado nas diferentes comarcas, ó igual que acontece en Galicia, prodúcese no sector servicios,



Cadro 2.8. *Paro rexistrado a 31-12-1999: distribución por sectores productivos (*)*

	Total	Agricultura e pesca	Industria	Construcción	Servicios	Sen emprego anterior	Paro total/poboación
Area Funcional	9.549	249	1.101	1.278	5.050	1.871	4,17
Os Ancares	512	31	43	82	275	81	3,42
A Fonsagrada	237	33	19	31	116	38	2,97
Lugo	5.455	74	561	487	3.212	1.121	4,91
Meira	175	10	29	18	81	37	2,48
Sarria	942	25	129	129	422	237	3,51
Terra Chá	1.887	57	262	453	797	318	3,80
A Ulloa	341	19	58	78	147	39	2,96
Provincia de Lugo	15.143	440	1.743	1.666	7.633	3.104	4,12
Galicia	142.382	4.347	25.110	18.133	66.626	28.166	5,23
Area Lugo/Galicia	6,71	5,73	4,38	7,05	7,58	6,64	-
Area Lugo/Lugo	63,06	56,59	63,17	76,71	66,16	60,28	-

(*) outras referencias nos anexos 2 e 3
 Fonte: *Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia, INEM*

Cadro 2.9. *Paro rexistrado a 31-12-1999: distribución por grupos de idade (*)*

	Total	Menores de 25 anos			Resto de idades		
		Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Area Funcional	9.549	525	986	1.454	3.863	4.175	8.038
Os Ancares	512	33	39	72	271	169	440
A Fonsagrada	237	16	22	38	113	86	199
Lugo	5.455	266	576	842	1.839	2.774	4.613
Meira	175	9	11	20	78	77	155
Sarria	942	54	124	178	390	374	764
Terra Chá	1.887	117	187	304	985	598	1.583
A Ulloa	341	30	27		187	97	284
Provincia de Lugo	15.143	896	1.626	2.522	5.862	6.759	12.621
Galicia	142.382	7.954	14.925	22.879	52.084	67.419	119.503
Area Funcional Lugo/Galicia	6,71	6,60	6,61	6,36	7,42	6,19	6,73
Area Funcional Lugo/Provincia de Lugo	63,06	58,59	60,64	57,65	65,90	61,77	63,69

(*) outras referencias no anexo 4
 Fonte: *Oficinas de Emprego da Xunta e INEM*

con 5.050 desempregados, o 52,9% do total da área funcional, sendo para a provincia esta proporción do 50,4% e para Galicia do 46,8%. Cabe destacar que o segundo colectivo con maior número de desempregados sería o dos clasificados como “Sen emprego anterior”, que no total da área funcional chegan a ser 1.871 persoas a 31 de decembro de 1999, deles a maior parte, 1.121, na comar-

ca de Lugo.

No **cadro 2.9.** pode compararse o ratio paro total/poboación (a poboación de referencia é a do ano 1998, última dispoñible), para a área funcional, a provincia, e Galicia. Observamos que tanto para a área funcional como para o total da provincia, presenta valores próximos, 4,2 e 4,1, sendo

Cadro 2.10.

Programación FIP na área funcional de Lugo 1999

	Cursos	Alumnos	Presupostos
Área funcional de Lugo	209	3.321	911.919.450
Os Ancares	2	30	6.573.000
Lugo (1)	161	2.551	706.346.500
Sarria	20	303	86.775.350
Terra Chá	13	208	54.838.650
A Ulloa (2)	13	229	57.385.950
Provincia de Lugo	289	4.641	1.236.451.800
Galicia	1.764	28.287	6.949.208.726

(1) Lugo contén as comarcas de Lugo, Fonsagrada e Meira

(2) Los datos corresponden ás comarcas de Chantada e A Ulloa

Fonte: Dirección Xeral de Fomento do Emprego

Cadro 2.11.

Reparto das ofertas de emprego recibidas no Servicio Galego de Colocación 1999: distribución sectorial.

	Agrario	Construcción	Industria	Servicios	% Licenciados/ Diplomados
Área funcional de Lugo					
Os Ancares	7	7	7	72	7
Lugo (1)	7	21	17	49	6
Sarria	2	40	13	43	2
Terra Chá	7	40	11	39	3
A Ulloa (2)	4	64	8	18	6
Provincia de Lugo	7	23	17	47	6

(1) Lugo contén as comarcas de Lugo, Fonsagrada e Meira

(2) Os datos corresponden ás comarcas de Chantada e A Ulloa

Fonte: Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, Estudio de Mercado Laboral, Prov.de Lugo.

superior este cociente para Galicia, que presenta un valor de 5,2.

Desagregando o estudio por sexo e grupos de idade, segundo o **cadro 2.9.**, cabe destaca-lo feito de que no grupo de menores de 25 anos, o número de mulleres desempregadas é superior ó de homes en tódalas comarcas agás en A Ulloa, mentres que no colectivo de maiores de 25 anos dáse o fenómeno contrario: é superior o número de homes desempregados, agás na comarca de

Lugo. A comarca que presenta un índice máis elevado de desemprego de menores de 25 anos é a de Sarria, na que representa o 18,9% do paro rexistrado, mentres que o grupo de maiores de 25 anos ten maior presenza na comarca de Meira, na que os parados de máis de 25 anos representan o 88,6% dos parados da comarca.

Medidas activas de emprego



Cadro 2.12.

Distribución por sexos das demandas de emprego recibidas no Servicio Galego de Colocación 1999: distribución sectorial.

	Homes				Licenciados/ Diplomados
	Agrario	Construcción	Industria	Servicios	
%					
Área funcional de Lugo					
Os Ancares	17	28	13	41	1
Lugo (1)	10	12	17	56	5
Sarria	11	20	22	44	3
Terra Chá	10	28	18	42	2
A Ulloa (2)	13	26	17	42	2

	Mulleres				Licenciados/ Diplomados
	Agrario	Construcción	Industria	Servicios	
%					
Área funcional de Lugo					
Os Ancares	3		4	90	3
Lugo (1)	2		4	86	8
Sarria	1		5	89	5
Terra Chá	2		6	87	5
A Ulloa (2)	4		9	82	5

(1) Lugo contén as comarcas de Lugo, Fonsagrada e Meira

(2) Os datos corresponden ás comarcas de Chantada e A Ulloa

Fonte: *Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, Estudio de Mercado Laboral, Prov. de Lugo.*

Ó longo de 1999 realizáronse na área funcional de Lugo un total de 209 cursos do Plan FIP, ós que asistiron un total de 3.321 alumnos, cunha media de 15,89 alumnos por curso. Tal e como recolle o **cadro 2.10.**, Lugo (comarcas de Lugo, A Fonsagrada e Meira) foi quen acolleu o maior número de cursos con 161, ós que asistiron unha media de 15,84 alumnos por curso, seguida de Sarria con 20 (15,15 alumnos de media). A comarca de Os Ancares acolleu un total de 2 cursos ós que asistiron un total de 30 alumnos.

Comparado coa programación do Plan FIP realizada na provincia de Lugo e na comunidade galega, na área funcional de Lugo realizáronse o 72,3% e o 11,8%, respectivamente, do total dos cursos, asistindo o 71,6% e o 11,7% do total de alumnos, res-

pectivamente. O presuposto total para a realización dos cursos foi de 911,92 millóns de pesetas, o que significa o 73,8% do presuposto adicado no conxunto da provincia de Lugo e o 13,1% do presupostado para a comunidade galega.

O **cadro 2.11.** reflicte a distribución das ofertas recollidas segundo os datos do Servicio Galego de Colocación nas distintas comarcas da área funcional de Lugo. Esta área funcional acolle o 72% das ofertas recollidas na provincia de Lugo, onde as comarcas de Lugo, A Fonsagrada e Meira acollen o 62% do total das ofertas da provincia, e a comarca de Terra Chá acolle un 10% das mesmas. Pola contra, o número de ofertas recollidas nas comarcas de Os Ancares, Sarria e A Ulloa (xunto a Chantada) é reducido, cun 1% no primeiro caso e un 2% nas outras dúas comarcas.

Ó igual que no caso da provincia de Lugo, nas comarcas de Os Ancares, Lugo (Lugo, A Fonsagrada e Meira) e Sarria, o sector servicios é o preponderante fronte ó sector da construción, que domina nas comarcas de Chantada–A Ulloa e Terra Chá. Como feitos diferenciadores, na comarca de Os Ancares, o sector servicios acolle o 72% das ofertas recollidas en tanto que en Chantada–A Ulloa tan só o 18%. Nesta última comarca, a construción representa o 64% das ofertas recollidas e un 40% nas comarcas de Terra Chá e Sarria.

No que ás demandas de emprego recollidas se refire, **cadro 2.12.**, as demandas de emprego realizadas polas mulleres concéntranse basicamente no sector servicios (as porcentaxes oscilan entre o 82% en Chantada- A Ulloa e o 90% de Os Ancares), demandando pouco os sectores industriais e agrarios. Como nota característica, as demandas presentadas polas mulleres de postos de licenciados/diplomados supera ás demandas presentadas polos homes en tódalas comarcas consideradas.

Os homes presentan un reparto máis distribuído entre os distintos sectores aínda que se aprecia certa desviación en diferentes sectores. No caso de Lugo (comarcas de Lugo, A Fonsagrada e Meira) os **cadros 2.11.** e **2.12.** reflicten unha demanda en exceso do sector servicios cando deberían incidir máis no da construción. Na Terra Chá, que acolle o 10% das ofertas da provincia, os homes inciden demasiado na industria e demandan dun xeito insuficiente o sector da construción.

En Sarria (2% das ofertas) a demanda dos sectores da industria e agrario é moi superior ó peso relativo da oferta. A demanda presenta unha importancia relativa do 22% e 11%, respectivamente, en canto a oferta ten un peso relativo do 13% e 2%, respectivamente. En Chantada-A Ulloa, existe unha desviación xeralizada cara ós servicios. Os homes deberían demandar en maior medida o sector da construción mentres que o agrario e a industria aparecen demandados en exceso.

Finalmente, na comarca de Os Ancares, a pesares de ter un número reducido de ofertas, parece existir certa correspondencia entre a oferta e a demanda.

De xeito complementario ó Servicio Galego de Colocación, dende 1998 funciona a **Rede de Orientación Laboral**. O número total de beneficiarios destas accións de orientación ascendeu a 5.107 persoas na área funcional de Lugo, das que 2.009 son homes e 3.098 mulleres (**cadro 2.13.**)

As comarca de Lugo, A Fonsagrada e Meira, no seu conxunto, acolleron un total de 2.666 beneficiarios (o 52,2% do total da área funcional) seguida de Terra Chá con 1.026 beneficiarios (o 20,1%). Pola contra, Sarria con 363 persoas é a que acada o menor número de beneficiarios (o 7,2%).

Comparado co número total de beneficiarios na provincia de Lugo e en Galicia, na área funcional de Lugo o número de beneficiarios representa o 66% das persoas beneficiarias da provincia de Lugo, e o 10,1% de Galicia.



Cadro 2.13.

Beneficiarios das actuacións de Orientación Laboral na área funcional de Lugo. 1999

	Homes	Mulleres	Total
Área funcional de Lugo	2.009	3.098	5.107
Os Ancares	232	196	428
Lugo (1)	853	1.813	2.666
Sarria	129	234	363
Terra Chá	482	544	1.026
A Ulloa (2)	313	311	624
Provincia de Lugo	2.960	4.780	7.740
Galicia	17.823	32.807	50.630

(1) Lugo contén as comarcas de Lugo, Fonsagrada e Meira

(2) Os datos corresponden ás comarcas de Chantada e A Ulloa

Fonte: Dirección Xeral de Fomento do Emprego

No marco das actuacións para o **Fomento de Emprego e da Estabilidade Laboral**, beneficiáronse un total de 2.026 traballadores da área funcional, o que representa o 77,4% do total dos beneficiarios da provincia de Lugo e o 10,4% dos beneficiarios galegos. O investimento total neste tipo de medidas ascendeu a 579,68 millóns de pesetas, que significan o 78,6% do total investido na provincia e o 9,8% do investido en Galicia.

Na zona de Lugo (comarcas de Lugo, A Fonsagrada e Meira) o número de beneficiarios ascendeu a 1.365 traballadores, e o seu investimento a 388,65 millóns de pesetas, e na Terra Chá houbo un total de 277 beneficiarios e un investimento de 77,15 millóns. A comarca de Os Ancares foi a que acolleu o menor número de beneficiarios con 24, sendo o seu investimento de 7,6 millóns de pesetas.

As medidas de fomento de emprego e da estabilidade laboral complétanse con medidas e axudas a novas iniciativas e outras fórmulas empresariais englobadas

baixo o concepto de economía social. En 1999 na área funcional de Lugo, 748 traballadores beneficiáronse das axudas ó auto-emplego e a economía social, sendo o investimento neste tipo de actuacións de 462,18 millóns de pesetas. Lugo, A Fonsagrada e Meira (baixo o epígrafe de Lugo) acollen a 499 beneficiarios e un investimento de 296,86 millóns de pesetas, seguida de Terra Chá con 112 beneficiarios e 87,51 millóns. No lado oposto atópase Os Ancares con 17 beneficiarios e 14,47 millóns de pesetas.

En termos relativos, a área funcional de Lugo acolle o 72,8% do total de beneficiarios da provincia de Lugo e o 10% dos beneficiarios de Galicia, en tanto que o investimento neste tipo de actuacións representa o 75,2% do investido en Lugo e o 15,6% do investido en Galicia.

Finalmente, no que ós **programas de cooperación e escolas-obradoiro** se refire, un total de 1.428 persoas beneficiáronse deste tipo de actuacións, que recibiu un investimento de 1.663,55 millóns de pesetas. Lugo (A Fonsagrada, Meira e a comarca de

Cadro 2.14.

Actuacións para o fomento do emprego e da estabilidade laboral na área funcional de Lugo 1999

	Beneficiarios	Investimento
Área funcional de Lugo	2.026	579.682.432
Os Ancares	24	7.600.000
Lugo (1)	1.365	388.647.371
Sarria	216	66.730.326
Terra Chá	277	77.154.614
A Ulloa (2)	144	39.550.121
Provincia de Lugo	2.616	737.687.411
Galicia	19.425	5.922.149.526

(1) Lugo contén as comarcas de Lugo, Fonsagrada e Meira

(2) Os datos corresponden ás comarcas de Chantada e A Ulloa

Fonte: *Dirección Xeral de Fomento do Emprego*

Cadro 2.15.

Actuacións para o desenvolvemento da economía social e do autoemprego na área funcional de Lugo 1999

	Beneficiarios	Investimento
Área funcional de Lugo	748	462.178.651
Os Ancares	17	11.471.124
Lugo (1)	499	296.859.019
Sarria	73	40.209.875
Terra Chá	112	87.509.496
A Ulloa (2)	47	26.129.137
Provincia de Lugo	1.028	614.837.828
Galicia	7.423	2.958.789.103

(1) Lugo contén as comarcas de Lugo, Fonsagrada e Meira

(2) Os datos corresponden ás comarcas de Chantada e A Ulloa

Fonte: *Dirección Xeral de Fomento do Emprego*

Cadro 2.16.

Programas de cooperación e escolas obradoiro na área funcional de Lugo. 1999

	Beneficiarios	Investimento
Área funcional de Lugo	1.428	1.663.551.557
Os Ancares	82	75.308.519
Lugo (1)	645	713.345.398
Sarria	163	207.236.292
Terra Chá	229	301.476.387
A Ulloa (2)	309	366.184.961
Provincia de Lugo	2.178	2.527.469.558
Galicia	9.792	10.291.730.647

(1) Lugo contén as comarcas de Lugo, Fonsagrada e Meira

(2) Os datos corresponden ás comarcas de Chantada e A Ulloa

Fonte: *Dirección Xeral de Fomento do Emprego*



Lugo) acolleu un total de 645 beneficiarios e un investimento de 713,35 millóns, seguida de Chantada–A Ulloa con 366,18, respectivamente. No lado oposto, Os Ancares acolle un total de 82 beneficiarios e 75,31 millóns de pesetas.

En termos relativos, o número de beneficiarios da área funcional de Lugo representa o 65,56% do total dos beneficiarios da provincia de Lugo e o 14,58 dos da comunidade galega, en tanto que as porcentaxes para o caso do investimento son do 65,81% e o 16,16%, respectivamente. ■

